



# TRAMITACIÓN AXUDAS LEADER 2023-2027



**GUIA** básica de tramitación



# INDICE

- I. GDR TERRAS DE COMPOSTELA
- II. O ENFOQUE LEADER
- III. MARCO LEGAL
- IV. ¿QUEN PODE SOLICITAR?
- V. REQUISITOS DE SUBVENCIONABILIDADE DOS PROXECTOS
- VI. TIPOLOXIA DOS PROXECTOS A SUBVENCIONAR
- VII. GASTOS SUBVENCIONABLES
- VIII. SOLICITUDE DA AXUDA
- IX. TIPOLOXIA DE INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES
- X. LIMITACIÓNS SECTORIAIS
- XI. CRITERIOS DE BAREMACIÓN
- XII. APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE DESEMPATE.

# I.- GDR TERRAS DE COMPOSTELA



- Entidade sin ánimo de lucro que nace no ano 2008 en pro do **desenvolvemento económico e social** da súa zona de actuación.
- **Modelo partenariado público e privado**, que integra a todos os actores locais: institucións, asociación e público en xeral.
- Entidade **colaboradora coa Axencia galega de Desenvolvemento Rural (Agader)** na xestión da Medida Leader 2023-2027.



## ¿ONDE ESTAMOS?



Cibrán, nº 4, San Xián de Sales (VEDRA)



Info@terrasdecompostela.org



981 81 83 57



GDRTerrasDeCompostela



gdr\_terras\_compostela



www.terrasdecompostela.org

## II.- O ENFOQUE LEADER

---

O enfoque LEADER persegue unha aplicación do desenvolvemento rural baseado principalmente na participación da propia poboación do territorio, integrando todos os recursos e actores económicos e humanos que na comarca de actuación existan.

O elemento esencial da metodoloxía LEADER é que se trata de “Procesos de abaixo cara arriba”, é dicir, as estratexias ou programas específicos de desenvolvemento rural defínense no ámbito local do territorio, e as decisións sobre as liñas concretas de aplicación das axudas e mesmo dos proxectos que se financian son tomadas nese mesmo ámbito por partenariados de axentes públicos e privados (na súa maioría privados por esixencia do programa).




A estratexia de desenvolvemento local é o documento a través do cal o territorio pon en liza esta gobernanza e polo tanto a liña de acción a seguir para acadar os seguintes obxetivos:

- Fomentar a **creación e mantemento de emprego** no medio rural.
- **Apoio ás PEMES** noutras actividades de **diversificación da economía rural**, favorecendo a formación, a innovación e aos emprendedores.
- **Utilización eficiente dos recursos naturais** e o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental e a súa valorización e explotación sostible.
- **Mellora dos servizos públicos e a calidade de vida**, que axude a paliar o déficit de oportunidades respecto do medio urbano, con especial atención á poboación mías desfavorecida ou en risco de exclusión.

### III.- MARCO LEGAL

---

- Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), aprobado pola Decisión de execución da Comisión C(2022) 6017 final, do 31 de agosto 2022.
- 
- Regulamento (UE) nº 2021/2115, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da PAC (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derogan os regulamentos (UE) 1305/2013 (EU) 1037/2013.
  - Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión. Do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
  - Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxetivos para garantir a idónea execución da Intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG num 89, do 10.05.2023).
  - RESOLUCIÓN do 16 de abril de 2025 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 10 de abril de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PACF 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MR701L)- (DOG num 82, do 30.04.2025).
  - RESOLUCIÓN de 1 de agosto de 2025 por a que se modifica el Acuerdo del Consejo de Dirección, de 10 de abril de 2025, por el que se aprueban las bases reguladoras de las ayudas para la ejecución de operaciones en apoyo de terceras personas que se tramiten al amparo de la Intervención Leader, cofinanciadas con el Feader en el marco del Plan estratégico de la PAC 2023-2027 (PEPAC), y se anuncia la convocatoria para el año 2025 (código de procedimiento MR701L).

## IV. - ¿QUEN PODE SOLICITAR? (Artigo 3 das Bases Reguladoras)

---

- a) As persoas físicas ou persoas xurídicas de carácter privado, (**pequena empresa**): Sociedade Mercantil, S.A.T., cooperativas, asociación, fundacións, as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades outros...).
- b) As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.



## V.- REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE DOS PROXECTOS

---



- Estar localizados no ámbito **territorial elixible do GDR19** (Están excluídos: entidade singular de Santiago de Compostela, Polígonos industriais de Santiago, entidade singular de O Milladoiro e Bertamiráns (Concello de Ames).
- Ser viables **técnica, económica e financeiramente** (proxectos produtivos) e **técnica e financeiramente** (non produtivos).
- Adecuación do proxecto a estratexia de Desenvolvemento local definida polo GDR 19.
- Axustarse a normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) de aplicación.
- **Non estar iniciados** a data de presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para a petición dos equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente o solicitante, se esta data é anterior.
- Ser **finalista** (non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista).

## VI.- TIPOLOXIA DOS PROXECTOS A SUBVENCIONAR:

---

**PROXECTOS PRODUTIVOS** os que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñean unha creación e/ou mantemento do nivel de emprego.

**PROXECTOS NON PRODUTIVOS** promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica. (Ver artigo 16 das bases reguladoras))

## VII.- GASTOS SUBVENCIONABLES (Artigo 6 das Bases Reguladoras)

- a) A **construción, a adquisición<sup>1</sup> e mellora de inmobles** que vaian ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto.
- b) A **adquisición de terreos<sup>2</sup>** non edificadas.
- c) A adquisición de **maquinaria e equipamento novos<sup>3</sup>**.
- d) **Investimentos intanxibles** como a adquisición e o desenvolvemento de programas informáticos, así como a creación de páxinas web, estudos, publicacións e investimentos necesarios para a dixitalización do proceso produtivo ou a xestión da actividade económica.
- e) **Custos xerais<sup>4</sup>** vinculados aos gastos de investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade.
- f) **Gastos notariais e rexistrais<sup>5</sup>** derivados do inicio da actividade prevista no proxecto, así como a adquisición de patentes e licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas.
- g) **Medios e equipamentos de transporte<sup>6</sup>**, nos seguintes termos:



### GASTOS ELEGIBLES

#### Proxectos produtivos

- ✓ Adquisición de vehículos de transporte afectos en exclusiva a actividades empresariais ou profesionais, segundo se define na normativa tributaria vixente, en proxectos que dean lugar ao inicio dunha actividade económica.
- ✓ Gastos derivados da adecuación de vehículos de transporte de mercadorías ou prestación de servizos no ámbito do desenvolvemento da actividade empresarial, sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.

#### Proxectos non produtivos

- ✓ En proxectos de natureza non produtiva poderán subvencionarse os gastos de adquisición ou da adecuación de vehículos de transporte que estean asociados á prestación de servizos sociais básicos como a atención a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con mobilidade reducida, sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.

<sup>1</sup> Sempre e cando se cumplan cos condicionantes establecidos nas bases reguladoras.

<sup>2</sup> Sempre e cando se cumplan cos condicionantes establecidos nas bases reguladoras

<sup>3</sup> Sempre e cando se cumplan cos condicionantes establecidos nas bases reguladoras

<sup>4</sup> Sempre e cando se cumplan cos condicionantes establecidos nas bases reguladoras

<sup>5</sup> Sempre e cando se cumplan cos condicionantes establecidos nas bases reguladoras

<sup>6</sup> En ningún caso se subvencionará a adquisición e/ou adecuación de vehículos no sector do transporte de pasaxeiros/mercadorías por conta allea.

## VIII.- SOLICITUDE DE AXUDA

| PRESENTACIÓN POR SEDE ELECTRÓNICA   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li>• <u>PROCEDIMIENTO MR701L</u>- Ayudas LEADER PEPAC 2023-2027.</li></ul>   |
| Os formularios normalizados se van cumprimentando na sede electrónica da Xunta de Galicia:<br><a href="https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR701L">https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR701L</a> |

### ■ PRAZO DE SOLICITUDE

Estas axudas se tramitan en réxime de concorrencia competitiva.

O prazo de solicitude será de **un mes** desde a data de publicación da convocatoria.



*Unha vez finalizado este prazo, o **Procedemento MR701L permanecerá pechado a novas solicitudes.***

### ■ DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA A SOLICITUDE DE AXUDA (Artigo 18 das bases reguladoras).

- a) Documentación acreditativa da personalidade do solicitante: N.I.F. do promotor ou dos socios; N.I.F. da persoa xurídica, certificado do Rexistro Mercantil ou de outros rexistros públicos en que se identifique a constitución e a representación correspondente (alcance e vixencia) / ou copia escrituras de constitución e poder de representación debidamente inscritas no rexistro público que corresponda así como as modificacións posteriores.
- b) Declaración censual tributaria ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT, cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.
- c) Documentación acreditativa de pequena empresa (ultimas contas depositas no rexistro, ultima memoria anual de actividades aprobada). Imposto de sociedades do último exercicio pechado. No caso de empresas vinculadas e/ou asociadas, documentación das ultimas contas depositas no rexistro, ultima memoria anual de actividades aprobada e imposto sobre sociedades do último exercicio pechado.
- d) Informe do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta na empresa da/s conta/s de cotización (correspondente aos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social).
- e) Informe de vida laboral da/s conta/s de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos (correspondente aos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda).
- f) Memoria e resumo do proxecto en documento normalizado: Anexo III Plan de empresa (proxectos produtivos), Anexo IV Plan de Xestión (proxectos non produtivos).

No caso de proxectos vinculados coa mellora da eficiencia enerxética da explotación agraria deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, xunto cun informe emitido por técnico competente ou cunha auditoría enerxética.

g) Orzamento de gastos desagregados por partidas e conceptos (Anexo V), necesarios para a execución do proxecto. Non se admitirá ningunha modificación dos investimentos para os cales se solicita a axuda que supoñan un incremento dos seu importe nin a inclusión de novos elementos ou gastos.

h) Relación de ofertas solicitadas e elixidas, **ASINADAS e/ou SELADAS pola empresa**, nos termos indicados no **artigo 20** das Bases Reguladoras (Anexo VI A e Anexo VI B).

Para dar cumprimento á moderación de custes, é necesario, para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda, solicitar e presentar, como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores.

As ofertas presentadas e escollidas deben ser auténticas, de provedores reais e independentes, e cuio obxecto social ou CNAE o habilite para a prestación do servizo ou para a subministración do ben ofertado e con clara identificación da seguinte información:

- NIF, nome e enderezo da empresa oferente, identificación do solicitante e data de expedición.
- No caso de obra civil e instalación: relación pormenorizada e cuantificada das unidades de obra que inclúe, medicións, prezos unitarios e descompostos.
- No caso de subministracións de maquinaria e equipamentos: deberá vir suficientemente detallado cada un dos investimentos, así como o desglose dos compoñentes que os configuran, con indicación do precio de cada un deles, de maneira que se permita identificar as súas características técnicas e que sexan comparables entre sí.

i) Documentación acreditativa da non suxeición ou exención do IVE. (Se procede)

j) Para investimentos no sector da produción agraria primaria, código de explotación agraria ou no seu defecto rexistro oficial que corresponda.

k) Plano do Sixpac, indicando as coordenadas da localización da operación.

l) No caso de empresas xa existentes, licenza de actividade do concello ou acreditación da presentación da comunicación previa.

m) Nos proxectos que inclúan obra civil, anteprojecto ou memoria valorada, que inclúa orzamento desagregado, indicando unidades de obra, medicións, prezos unitarios e descompostos, **asinado** por técnico competente na materia.

n) No caso de iniciativas vinculadas ao sector servizos, no eido do **TURISMO**: Informe Previo de clasificación favorable da Axencia de Turismo de Galicia e Ficha Resumo de proxectos (modelo normalizado).

o) Certificado ou Informe Municipal, ou declaración do promotor, da entidade singular na que se ubica o proxecto.

p) Certificado do cumprimento dos prazos de pagamento a provedores en cumprimento da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais, en subvención por importe superior a 30.000,00 (ver artigo 25).

q) Plan de Financiamento e de Execución do Proxecto; Informe Bancario sobre a solvencia financeira do promotor para levar a cabo o proxecto así como para manter a finalidade do investimento e compromisos.

- r) Calquera outra documentación ou información adicional que o promotor considere de interese para unha mellor análise e valoración do proxecto (Por exemplo: Memoria descritiva máis ampla ou con maior detalle e asinada polo promotor; Acordo de solicitude de Axuda por Decreto/Comisión de Goberno/Pleno; Informe Urbanístico, Informe de Patrimonio, acreditación ou compromiso da incidencia medioambiental; certificado de colectivos-socios; convenio de colaboración, relación de maquinaria existente, etc).

# IX.- TIPOLOXIAS DE INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

## NATUREZA PRODUTIVA. Os investimentos no sector da produción agraria primaria. (Artigo 11 das Bases Reguladoras)

1. Serán subvencionables os investimentos en explotacións agrarias que se refiran á mellora da súa eficiencia enerxética e/ou ao emprego de fontes de enerxía renovables. A explotación agraria deberá estar en funcionamento, ter declarada a facturación real pola venda dos seus produtos e deberá posuír un CEA (código de



explotación agraria) ou rexistro oficial que corresponda á explotación agraria dunha antigüidade de, polo menos, un ano anterior á data da solicitude de axuda. A mellora da eficiencia enerxética da explotación agraria deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, xunto cun informe emitido por técnico competente ou cunha auditoría enerxética. A redución dos custos derivados da mellora da eficiencia enerxética da explotación deberá acadar unha porcentaxe mínima do 40 %. **(ANEXO I da RESOLUCIÓN 27 de abril do 2023 (DOG nº 89, do 10.5.2023)).**

2. Tamén serán subvencionables pequenos proxectos, ata un máximo de 30.000 € de investimento total elixible, que supoñan o **inicio** ou a **implantación** dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constituía unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto<sup>7</sup>. (Ver artigo 11.2 das Bases Reguladoras).

3. Serán subvencionables, en función dos requisitos e condicións que se establezan nas bases reguladoras, pequenos proxectos, ata un máximo de 40.000,00 € de investimento total elixible, sempre que non sexan susceptibles de ser subvencionados pola Consellería do Medio Rural a través doutras intervencións de Desenvolvemento rural incluídas no Plan estratéxico nacional.

4. Tamén serán subvencionables os investimentos que estean vinculados a procedementos ou instrumentos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente

<sup>7</sup> De acordo co establecido nas bases reguladoras.

**NATUREZA PRODUTIVA. Os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios. (Ver artigo 12 das Bases Reguladoras)**




Considéranse como **produtos agrarios** os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, excepto os produtos da pesca. Considerarase transformación e comercialización de produtos agrarios cando polo menos o 85 % de materias primas utilizadas para a transformación estean incluídas no citado anexo I do Tratado. O resultado do proceso de produción poderá ser un produto

non recollido no dito anexo

Considéranse subvencionables, únicamente, pequenos investimentos, tendentes á **creación e/ou modernización** de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios consistentes en investimentos tanxibles e intanxibles de pequena dimensión (ata o máximo do orzamento total subvencionable de 60.000,00 euros), destinados a mellorar a competitividade e/ou a sustentabilidade ambiental das pequenas agroindustrias do rural galego.

Os investimentos deben cumprir a normativa aplicable en materia de sanidade e benestar animal<sup>8</sup>.

**NATUREZA PRODUTIVA. Os investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais. (Ver artigo 13 das Bases Reguladoras)**



Considéranse como **transformación e comercialización de produtos forestais** as operación anteriores á primeira transformación industrial da madeira.

Únicamente se apoiarán os seguintes investimentos para a **producción a pequena escala** de:

- 1.- Uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía. As empresas que opten ás axudas previstas neste artigo deberán acreditar que, polo menos unha porcentaxe do 50 % da súa facturación está

<sup>8</sup> De acordo co establecido nas bases reguladoras

vinculada ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía<sup>9</sup>,

2.- Produción de bioproductos forestais como pode ser o aproveitamento de resinas ou similares,

3.- Produción de cogomelos baixo substrato forestal,

4.- Equipamento, recolla e procesamento de castaña.

A **maquinaria subvencionable** será a indicada no Anexo II da RESOLUCIÓN 27 de abril do 2023 (DOG num 89, do 10.5.2023).

Os proxectos que sexan promovidos por comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 hectáreas<sup>10</sup>.

**NATUREZA PRODUTIVA. Investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. (Ver artigo 14 das Bases Reguladoras)**

Poderán subvencionarse proxectos que, respondendo ao obxectivo xeral de mellora da calidade de vida en zonas rurais e diversificación da economía rural, supoñan a creación, ampliación e modernización de pequenas empresas, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.

Para estes efectos, entenderase por **CREACIÓN a posta en marcha dunha nova empresa** ou, no caso de que a empresa xa tivese actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que viñese desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude de axuda. Considérase que a actividade é distinta cando a división do Código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinta á división do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivese a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda.

Por **MODERNIZACIÓN** entenderase a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción ou na tecnoloxía correspondente.

Os investimentos que se limiten a **substituír** un edificio ou unha máquina existente, ou partes deles mesmos, por un edificio ou por outra máquina nova, unicamente serán subvencionables no caso de que a substitución supoña ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 % con respecto á que viña desenvolvendo o edificio ou a maquinaria substituída.

En relación aos criterios interpretativos referentes á creación e consolidación de emprego ver [artigo 31 das Bases Reguladoras](#)

<sup>9</sup> De acordo co establecido nas bases reguladoras

<sup>10</sup> De acordo co establecido nas bases reguladoras

## NATUREZA PRODUTIVA. Bono Activa Rural (Ver artigo 15 das Bases Reguladoras)

O **Bono Activa Rural** configúrase como unha subvención que se basea nun importe de axuda a tanto global destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais.

As persoas beneficiarias desta tipoloxía de proxectos son as **persoas físicas**, que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual en que polo menos creen o seu posto de traballo, sempre e cando non estivesen dadas de alta no réxime de autónomos na mesma actividade para a que se solicita a axuda nos últimos tres anos e que opten por esta modalidade de axuda na correspondente solicitude de axuda, a través do recadro que se habilitará para o efecto.



A axuda se vincula ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial presentado pola persoa seleccionada durante un determinado período de tempo. **Este plan empresarial deberá demostrar a viabilidade económica e técnica da empresa**, apoiándose para iso nas condicións de mercado.

A axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento e poderá acadar ata un **máximo de 18.000 euros** e pagarase en **dúas anualidades**. A obtención desta axuda comportará a obriga de manter a actividade durante polo **menos 5 anos**, contados desde a data da alta censual.

## NATUREZA NON PRODUTIVA. Investimentos en proxectos non produtivos<sup>11</sup>. (ver artigo 16 das Bases Reguladoras)

Poderán subvencionarse proxectos que teñan un interese público ou colectivo, é dicir, que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito o conxunto da poboación ou da sociedade en xeral, e que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.

Unicamente poderán ser **beneficiarios** desta tipoloxía de proxectos, as entidades sen ánimo de lucro, as entidades públicas locais e as comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades.

<sup>11</sup> De acordo coas bases reguladoras.

1. A subvencionabilidade dos proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural, dependerá de que o departamento da Xunta competente na materia acredite o interese da proposta (deberá contar co informe favorable previo) ou ben estea definido como de interese no plan de mantemento, restauración, mellora ou posta en valor do patrimonio natural ou cultural incluído na Estratexia de desenvolvemento local do GDR.



2. Tamén serán subvencionables, entre outros, os proxectos referidos á creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación rural como as actividades recreativas e culturais, xunto coas correspondentes infraestruturas a pequena escala<sup>12</sup>.
3. Poderán ser subvencionables os investimentos de natureza non productiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente.

Normas sobre a tramitación de proxectos non produtivos xeradores de ingresos (Anexo III da RESOLUCIÓN 27 de abril do 2023 (DOG num 89, do 10.5.2023))

No suposto de que o proxecto constitúa unha **actividade económica**, terá a consideración de non productivo cando:

**Entidade pública local:**

- os ingresos que se xeren procedan de taxas.
- os ingresos proceden de prezos públicos: o beneficio bruto operativo non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

**Proxectos promovidos por outros promotores:**

- cando existan ingresos: o beneficio bruto operativo non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

<sup>12</sup> De acordo co establecido nas bases reguladoras

## X.- LIMITACIÓNS SECTORIAIS (Artigo 8 das Bases Reguladoras e as establecidas na Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR-19)

---

Tendo en conta o carácter transversal da Intervención Leader, establecéronse as seguinte **limitacións sectoriais concretas** por razóns de complementariedade e de coherencia con outras intervencións públicas que incidan sobre o territorio rural galego.



### ■ INVESTIMENTOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS

Non serán elixibles, os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

### ■ PROXECTOS DE SINALIZACIÓN TERRITORIAL.

Non son subvencionables os proxectos de sinalización territorial.

### ■ INVESTIMENTOS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS E PARA OS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO SECTOR SERVIZOS NO MARCO DO SECTOR TURÍSTICO.

Para estes investimentos, rexerá o **Acordo de Colaboración** que se asine entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de Galicia e a Axencia de Turismo de Galicia. No citado acordo na **cláusula cuarta**, podrán subvencionarse:

#### a) Investimentos que supoña a a **CREACIÓN** de **establecementos de RESTAURACIÓN**:

1. Os clasificados segundo a lexislación vixente dentro do **Grupo III** (art, 77 da Lei 7/2011, do 27 de Outubro) <sup>13</sup>. Municipios < 10.000 hab. Non existencia no núcleo.
2. Os clasificados segundo a lexislación vixente dentro do **Grupo I** (art, 77 da Lei 7/2011, do 27 de Outubro), coa especialidade de casas de comidas, (Decreto 108/2006, 15 de xuño (DOG133, do 11 de xullo)) <sup>14</sup>. Non existencia no núcleo.

#### b) Investimentos que supoña a a **CREACIÓN** de **establecementos de ALOXAMENTOS TURÍSTICOS**:

1. **CREACIÓN** de establecementos clasificados como **CAMPAMENTOS TURÍSTICOS**. <sup>15</sup>.
  - So parcelas destinadas a tendas de campaña, caravanas, autocaravanas. **mínimo 15 parcelas.**
  - So por parcelas con instalacións estables. **Mínimo 10.**

---

<sup>13</sup> De acordo co establecido no Acordo de Colaboración coa ATG

<sup>14</sup> De acordo co establecido no Acordo de Colaboración coa ATG

<sup>15</sup> De acordo co establecido no Acordo de Colaboración coa ATG

- Os dous tipos de parcelas: tendas de campaña, caravanas, autocaravanas, **mínimo 20** e parcelas con instalacións estables: **mínimo 8**.
2. **CREACIÓN** de establecementos clasificados como **PENSIÓNS**.<sup>16</sup>
    - Posta en marcha de como **mínimo 4 habitacións**.
    - En edificacións turísticas independentes: como **mínimo 3 edificacións**.
  3. **CREACIÓN** de establecementos clasificados como **HOTEIS** ou
  4. **CREACIÓN** de establecementos de **TURISMO RURAL**.<sup>17</sup>
- c) Investimentos tendentes á **CREACIÓN** e/ou **MELLORA** de **EMPRESAS DE SERVICIOS TURÍSTICOS COMPLEMENTARIOS**, regulados no artigo 88.1 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- d) As **RUTAS** de **SENDEIRISMO** homologadas pola Federación Galega de Montaña.
- e) A construción de **MIRADOIROS**, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna deles.

#### ■ **INVESTIMENTOS EN ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO SECTOR SERVIZOS:**

Iniciativas de creación, ampliación e modernización de proxectos do **SECTOR SERVIZOS** [(talleres, tinturerías, lavandaría, clínicas, tanatorios, asesorías, perrucaría, despachos profesionais e calquera outra actividade económica (proxectos produtivos)], que se desenvolva en calquera concello, núcleo ou entidade singular de poboación elixible, serán subvencionables, coas seguintes limitacións:

1. Proxectos de **nova creación**: Será obrigatorio a **creación mínima de 1 UTA**.
2. Proxectos de **ampliación** e/ou **modernización**: Será obrigatorio a **creación de 0,5 UTAs**.

Todo isto, sen perjuízo de que durante a execución da Estratexia, se establezan novas limitacións ou exclusións, derivadas dos resultados obtidos tanto no Plan de Seguimento como na Avaliación Intermedia do Programa.

#### ■ **INVESTIMENTOS EN ESTABLECEMENTOS DE COMERCIO POLO MIÚDO:**

Iniciativas de creación, ampliación e modernización de proxectos de comercio polo miúdo, que se desenvolva en calquera concello, núcleo ou entidade singular de poboación elixible, serán subvencionables, coas seguintes limitacións:

1. Proxectos de nova creación: Será obrigatorio a **creación mínima de 1 UTA**.
2. Proxectos de ampliación e/ou modernización: Será obrigatorio a **creación de 0,5 UTAs**.

<sup>16</sup> De acordo co establecido no Acordo de Colaboración coa ATG

<sup>17</sup> De acordo co establecido no Acordo de Colaboración coa ATG

Todo isto, sen perxuízo de que durante a execución da Estratexia, se establezan limitacións ou exclusións, derivadas dos resultados obtidos tanto no Plan de Seguimento como na Avaliación Intermedia do Programa.

#### ■ **INVESTIMENTOS EN CENTROS SOCIAIS e/ou CULTURAIIS:**

Serán subvencionables coas seguintes limitacións:

- a) Non se considerarán elixibles, os proxectos de creación de novos centros sociais.
- b) Poden ser elixibles os proxectos de ampliación, mellora, reforma e /ou equipamento dos centros sociais existentes en todo o territorio elixible na Medida Leader o cadro de necesidades incluído na EDLP.
- c) Priorizaranse a rehabilitación de edificacións tradicionais fronte a outros que non se atopen incluídos no catálogo de patrimonio de Galicia.

A cuantía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50.000€ por proxecto.

#### ■ **INVESTIMENTOS NOS SERVIZOS AGRARIOS E/O FORESTAIIS**

Os investimentos en adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento.

#### ■ **INVESTIMENTOS CONSISTENTES NA ELABORACIÓN DE ESTUDOS, EDICIÓN DE LIBROS OU GÚIS E PAXINAS WEB, LIMITE MÁXIMO DE AXUDA DE 10.000€ POR PROXECTO.**

#### ■ **INVESTIMENTOS EN ELEMENTOS PATRIMONIAIS / NATURAIIS**

No caso de investimentos que incidan na recuperación elementos do patrimonio histórico e cultural de Galicia, os mesmos deben de estar identificados ben no **Catálogo de Patrimonio da Xunta de Galicia** ou ben como elemento protexido nun **inventario público** de carácter municipal PXOM, Plan Básico, etc..)

No caso de investimentos que incidan na **mellora de espazos naturais**, os mesmos deben de contar con algunha figura de **protección pública** (Rede Natura, ENIL, LIC, etc...).

Os inmobles non poderán usarse para albergar servizos de carácter meramente administrativo.

#### ■ **INVESTIMENTOS NO SECTOR DAS ENERXÍAS RENOVABLES**

Os investimentos no sector das enerxías renovables queda excluído de financiamento, cando o destino ou finalidade principal sexa a venda á rede.

#### ■ **INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS OU CENTROS QUE PRESTEN O SERVICIO DE CALQUERA ENSINO CON CARACTER REGRADO QUEDAN EXCLUIDOS.**

# XI.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN

| CRITERIOS DE BAREMACIÓN PARA PROXECTOS  | PUNTUACIÓN             |
|---|------------------------|
| <b>PRODUCTIVOS</b>  |                        |
| <b>1. LOCALIZACIÓN DO INVESTIMENTO DO PROXECTO:</b>   | <b>MÁX: 25 PUNTOS</b>  |
| <b>1.1. RENDA DOS FOGARES MUNICIPAIS CON RESPECTO Á MEDIA GALEGA (VER ANEXO I)</b>  | <b>(Máx 5 puntos)</b>  |
| 1.1.1: Concellos con RDB inferior, ou igual, a 85% da media galega  | 5                      |
| 1.1.2: Concellos con RDB superior a 85% ata igual a 100% da media galega  | 4                      |
| 1.1.3: Concellos con RDB superior a 100% da media galega  | 3                      |
| <b>1.2. DENSIDADE DE POBOACIÓN CON RESPECTO Á MEDIA GALEGA (VER ANEXO I)</b>  | <b>(Máx 5 puntos)</b>  |
| 1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación inferior ou igual a 60% da media galega   | 5                      |
| 1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación superior a 60% e ata 100% da media galega (inclusive)   | 4                      |
| 1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación superior a 100% da media galega   | 3                      |
| <b>1.3. VARIACIÓN DE POBOACIÓN NO ÚLTIMO DECENIO (2012-2022) (VER ANEXO I)</b>  | <b>(Máx 5 puntos)</b>  |
| 1.3.1: Concellos que perderon > 10% a súa poboación   | 5                      |
| 1.3.2: Concellos que perderon entre 0 % e ≤ 10% a súa poboación   | 4                      |
| 1.3.3: Concellos que aumentaron de poboación no último decenio  | 3                      |
| <b>1.4. ENTIDADE SINGULAR DE POBOACIÓN NA QUE SE SITÚA O PROXECTO (Tómase como referencia os datos de poboación das Entidades Singulares establecidos no IGE 2022)</b>  | <b>(Máx 10 puntos)</b> |
| 1.4.1: Entidade singular cunha poboación inferior a 50 habitantes   | 10                     |
| 1.4.2: Entidade singular cun número de poboación comprendida entre 50 e inferior a 75 habitantes  | 9                      |
| 1.4.3: Entidade singular cun número de poboación comprendida entre 75 e inferior a 100 habitantes   | 8                      |
| 1.4.4: Entidade singular cun número de poboación comprendida entre 100 e inferior a 125 habitantes  | 7                      |
| 1.4.5: Entidade singular cun número de poboación igual ou superior a 125 habitantes   | 6                      |
| <b>2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO</b>   | <b>MÁX: 20 PUNTOS</b>  |
| 2.1: Proxecto promovido por unha muller, por unha persoa moza (ata 40 anos inclusive) ou por unha entidade onde polo menos o 50% dos socios pertencen a estes colectivos.   | 18                     |
| 2.2: Proxecto promovido por unha entidade público ou privada sen ánimo de lucro   | 16                     |
| 2.3: Proxecto promovido por un home maior de 41 anos ou por unha entidade onde a maioría de socios/as (superior a 50%) son homes que cumpran con este requisito.  | 14                     |
| 2.4: Proxecto promovido por unha persoa con discapacidade (mínimo 33%), desempregado/a de 50 ou máis anos, desempregado/a de longa duración, ou por unha entidade onde alomenos algún dos socios pertencen a algún dos colectivos descritos anteriormente.<br><b>Nota: A puntuación deste criterio é acumulable aos apartados anteriores.</b>   | 2                      |
| <b>3. INCIDENCIA NO EMPREGO</b><br><small>Os datos seleccionados para o cálculo do persoal calcularanse sobre unha base anual. Para o cálculo do persoal teranse en conta os efectivos que corresponden ao número de unidades de traballo anual (UTA), é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.</small> | <b>MÁX: 15 PUNTOS</b>  |
| <b>3.1. NON CREA EMPREGO</b>  | <b>0 puntos</b>        |
| <b>3.2. SÓ MANTEN OU CONSOLIDA EMPREGO</b>  | <b>0 puntos</b>        |

|  |                           |
|--|---------------------------|
| <b>3.3. CREACIÓN DE EMPREGO:</b>   | <b>(Max: 12 puntos)</b>   |
| Creación de emprego igual ou superior a 0,5 UTAs (poden ser fraccións de UTA), a puntuación total obtense multiplicando o número total de UTAs creadas polo <b>factor de multiplicación 3</b> . Cunha creación de emprego igual ou superior a 4 UTAs, acádase a puntuación máxima de 12 puntos.<br><i>(Exemplo de cálculo: Creación de emprego de 2,4 UTAs - Puntuación obtida: 2,4 x 3 = 7,2 puntos).</i><br><b>Nota: Non se valora a creación de emprego por debaixo de 0,5 UTAs, e para aqueles proxectos de NOVA CREACIÓN é obrigatorio como mínimo a creación de 1 UTA.</b> | <b>De 1,5 a 12 puntos</b> |
| <b>3.4. Por creación de emprego de persoas pertencentes a un colectivo desfavorecido (mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade (mínimo 33%), desempregados/as de 50 ou máis anos, desempregados/as de longa duración).</b>  | <b>(Max: 6 puntos)</b>    |
| Por cada UTA creada pertencente a un colectivo desfavorecido, igual ou superior a 0,5 UTAs (poden ser fraccións de UTA), a puntuación total obtense multiplicando o número total de UTAs creadas pertencentes a colectivos desfavorecidos polo <b>factor de multiplicación 1,5</b> . Cunha creación de emprego igual ou superior a 4 UTAs pertencentes a colectivos desfavorecidos, acádase a puntuación máxima de 6 puntos. <i>(Exemplo de cálculo: Creación de emprego de 1,6 UTAs - Puntuación obtida: 1,6 x 1,5 = 2,4 puntos).</i>   | <b>De 0,75 a 6 puntos</b> |
| <b>Nota: A puntuación obtida neste apartado 3.4. é acumulable coa puntuación obtida no apartado 3.3 ata un máximo de 15 puntos.</b>  | -                         |
| <b>4. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO</b>   | <b>MÁX: 40 PUNTOS</b>     |
| <b>4.1. CORRELACIÓN COS EIXES PRIORITARIOS DA ESTRATEXIA</b>   | <b>(Máx 15 puntos)</b>    |
| <b>4.1.1. BONO ACTIVA RURAL – actividades non agrícolas en zonas rurais</b><br><b>Nota. No caso de que unha persoa física se acolla ao BONO RURAL ACTIVA, a puntuación deste criterio será por defecto a máxima de 15 puntos</b>   | <b>15</b>                 |
| 4.1.2: Proxectos de diversificación da produción agraria, cara actividades non agrarias, promovidos por produtores agrarios (gandería, agricultura, forestal, vitivinícola...).  | <b>12</b>                 |
| Proxectos de produción, transformación e/ou comercialización das producións agrarias locais (gandeira, agrícola, forestal, vitivinícola,....).   |                           |
| 4.1.3: Actuacións no eido dos servizos sociais (Residencias da 3ª idade, Centros de Día, Vivendas ou Apartamentos Tutelados, Garderías, Escolas / Espazos Infantís, Centros Ocupacionais, ou actuacións similares).  | <b>10</b>                 |
| 4.1.4. Proxectos e iniciativas de desenvolvemento turístico.   | <b>8</b>                  |
| 4.1.5: Proxectos que supoñan unha actividade empresarial non agraria, prestación de servizos á poboación ou a outras empresas, viveiros de empresas, espazos coworking, etc.   | <b>8</b>                  |
| <b>4.2. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL</b>  | <b>(Máx 10 puntos)</b>    |
| 4.2.1: Proxectos que utilicen enerxías renovables (investimento mínimo do 20% do orzamento total elixible).  | <b>5</b>                  |
| 4.2.2: Proxectos que supoñan unha mellora da eficiencia enerxética:<br>En investimentos empresariais - Aforro enerxético mínimo dun 30% - en actividades existentes.<br>En investimentos en explotacións agrarias – Aforro enerxético mínimo dun 40 %-en explotacións existentes cunha antigüidade mínima dun ano anterior á data da solicitude de axuda.  | <b>5</b>                  |
| 4.2.3. Proxectos nos que exista ou se implemente un sistema de xestión ambiental.  | <b>5</b>                  |
| <b>Nota. A puntuación destes criterios é acumulable ata un máximo de 10 puntos, e deberá acreditarse o seu cumprimento mediante informe emitido por técnico cualificado, certificación de instalador homologado, ou certificación emitida pola autoridade correspondente.</b>  | -                         |
| <b>4.3. OUTROS CRITERIOS RELATIVOS AO IMPACTO NO TERRITORIO</b>  | <b>(Máx 15 puntos)</b>    |
| 4.3.1. Proxectos que contemplan a instalación dunha empresa no rural.<br><b>Nota. Pode tratarse dunha empresa de nova creación ou dunha empresa xa existente que decide abrir un novo centro de traballo.</b>  | <b>5</b>                  |
| 4.3.2. Proxectos que supoñan a posta en marcha dunha nova actividade empresarial nunha empresa xa existente (deberá acreditarse mediante a alta nun novo epígrafe do IAE).   | <b>5</b>                  |
| 4.3.3: En función do nivel de investimento<br>- Proxectos cuxo investimento elixible sexa inferior a 75.000 €: 1 punto<br>- Proxectos cuxo investimento elixible sexa igual a 75.000 € e inferior a 150.000 €: 2 puntos<br>- Proxectos cuxo investimento elixible sexa igual a 150.000 € e inferior a 225.000 €: 3 puntos<br>- Proxectos cuxo investimento elixible sexa igual a 225.000 € e inferior a 300.000 €: 4 puntos<br>- Proxectos cuxo investimento elixible sexa igual ou superior a 300.000 €: 5 puntos   | <b>De 1 a 5 puntos</b>    |
| <b>Nota. A puntuación destes criterios é acumulable ata un máximo de 15 puntos.</b>  | -                         |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>  | <b>100</b>                |

## REGRAS DE ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES E CUANTÍA DE AXUDA PARA PROXECTOS PRODUTIVOS:

### Determinación da porcentaxe de axuda:

- (a) Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 20%.
- (b) Por cada punto adicional a partir dos 30 puntos mínimos, a axuda increméntase adicionalmente nun 0,50%.
- (c) Cunha puntuación igual ou superior a 80 puntos, acádase a Porcentaxe de **axuda máxima do 45%**.

### Importe de axuda:



- (a) Por norma xeral, o o **importe de axuda** que, como **máximo** pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a **100.000,00 €**.
- (b) No caso de proxectos de natureza produtiva, amparados no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos, limitaranse a un máximo de 300.000,00 € por promotor durante un período de 3 exercicios fiscais.

## REGRAS DE ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES E CUANTÍA DE AXUDA PARA PROXECTOS BONO ACTIVA RURAL:

### Determinación do importe de axuda:

- ENTRE 20-29 PUNTOS: 3.000 €**
- ENTRE 30-39 PUNTOS: 5.000 €**
- ENTRE 40-49 PUNTOS: 8.000 €**
- ENTRE 50-59 PUNTOS: 12.000 €**
- ENTRE 60-69 PUNTOS: 15.000 €**
- IGUAL OU MAIOR A 70 PUNTOS: 18.000 €**

| CRITERIOS DE BAREMACIÓN PARA PROXECTOS  | PUNTUACIÓN            |
|---|-----------------------|
| <b>NON PRODUTIVOS</b>   |                       |
| <b>1. LOCALIZACIÓN DO INVESTIMENTO DO PROXECTO:</b>   | <b>MÁX: 25 PUNTOS</b> |
| <b>1.1. RENDA DOS FOGARES MUNICIPAIS CON RESPECTO Á MEDIA GALEGA (VER ANEXO I)</b>  | (Máx 5 puntos)        |
| 1.1.1: Concellos con RDB inferior, ou igual, a 85% da media galega  | 5                     |
| 1.1.2: Concellos con RDB superior a 85% ata igual a 100% da media galega  | 4                     |
| 1.1.3: Concellos con RDB superior a 100% da media galega  | 3                     |
| <b>1.2. DENSIDADE DE POBOACIÓN CON RESPECTO Á MEDIA GALEGA (VER ANEXO I)</b>  | (Máx 5 puntos)        |
| 1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación inferior ou igual a 60% da media galega   | 5                     |
| 1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación superior a 60% e ata 100% da media galega (inclusive)   | 4                     |
| 1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación superior a 100% da media galega   | 3                     |
| <b>1.3. VARIACIÓN DE POBOACIÓN NO ÚLTIMO DECENIO (2012-2022) (VER ANEXO I)</b>  | (Máx 5 puntos)        |
| 1.3.1: Concellos que perderon > 10% a súa poboación   | 5                     |
| 1.3.2: Concellos que perderon entre 0 % e ≤ 10% a súa poboación   | 4                     |
| 1.3.3: Concellos que aumentaron de poboación no último decenio  | 3                     |
| <i>Nota: Cando o investimento se promova en máis dun concello, nos apartados 1.1., 1.2. e 1.3., asignarase a puntuación media que corresponda a estos concellos.</i>  |                       |
| <b>1.4. ENTIDADE SINGULAR DE POBOACIÓN NA QUE SE SITÚA O PROXECTO (Tómase como referencia os datos de poboación das Entidades Singulares establecidos no IGE 2022)</b>  | (Máx 10 puntos)       |
| 1.4.1: Entidade singular cunha poboación inferior a 50 habitantes   | 10                    |
| 1.4.2: Entidade singular cun número de poboación comprendida entre 50 e inferior a 75 habitantes  | 9                     |
| 1.4.3: Entidade singular cun número de poboación comprendida entre 75 e inferior a 100 habitantes   | 8                     |
| 1.4.4: Entidade singular cun número de poboación comprendida entre 100 e inferior a 125 habitantes  | 7                     |
| 1.4.5: Entidade singular cun número de poboación igual ou superior a 125 habitantes   | 6                     |
| 1.4.6: Cando non sexa posible determinar a "Entidade singular de poboación" onde se sitúe o Proxecto, por tratarse de investimentos que afectan a varias entidades singulares de poboación, parroquias ou Concellos.  | 8                     |
| <b>2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO</b>   | <b>MÁX: 25 PUNTOS</b> |
| 2.1: Proxecto participado por máis dun Concello do territorio GDR-19 (acreditar mediante convenio de colaboración), ou por Mancomunidades, Consorcios e/ou entidades dependentes das anteriores, todas elas do territorio GDR-19                                  | 25                    |
| 2.2: Proxecto participado por dúas ou máis entidades do territorio GDR-19 que sexan de diferentes municipios do territorio GDR-19   | 23                    |
| 2.3: Proxecto promovido por unha entidade privada   | 20                    |
| 2.4: Proxecto promovido por unha entidade pública   | 18                    |
| <i>Nota: A puntuación dos criterios 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4 non son acumulables entre eles.</i>   |                       |
| 2.5: Que as entidades promotoras do proxecto teñan maioría de socios/as (mais do 50%) de colectivos (mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade (mínimo 33%), desempregados/as de 50 e mais anos, desempregados de longa duración, persoas maiores de 65 anos. | 5                     |
| <i>Nota: este criterio é acumulable cos anteriores.</i>   |                       |

| 3. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO E A POBOACIÓN RURAL   | MÁX: 50 PUNTOS  |
|---|-----------------|
| <b>3.1: POBOACIÓN BENEFICIADA CO PROXECTO</b>   |                 |
| * No caso de proxectos de carácter inmaterial (publicacións, webs de promoción...), para determinar se o proxecto se realiza en todo o territorio, nun ou en varios concellos, terase en conta como condición que o contido sexa equitativo e proporcional ó número de concellos onde teña lugar o proxecto.                      | (Máx 10 puntos) |
| 3.1.1: Proxectos que se realicen en todo o territorio de actuación do GDR 19.   | 10              |
| 3.1.2: Proxectos que se realicen en mais dun concello integrado no ámbito de actuación do GDR 19.   | 8               |
| 3.1.3: Proxectos que se realicen nun concello integrado no ámbito de actuación do GDR 19.   | 6               |
| <b>3.2: POTENCIALIDADE PARA FAVORECER O XURDIMENTO DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS E A CREACIÓN DE EMPREGO</b>  | (Máx 10 puntos) |
| 3.2.1.: Proxectos promovidos no ámbito da mobilidade de terras agrarias (aldeas modelo, ...) ou en programas de actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais..)  | 10              |
| 3.2.2. Creación e/ou mellora de viveiros de empresas, espazos coworking, proxectos que persigan a implantación de actividades que non existan no concello.  | 7               |
| 3.2.3. Proxectos de investimento, relacionados coa valorización, promoción e divulgación dos recursos do territorio; turísticos, producións locais (agroalimentarias, artesanía,...), promoción de actividades agropecuarias ou vencelladas coa recuperación de antigos oficios, etc.   | 7               |
| 3.2.4: Creación de emprego: Crea polo menos 1 UTA de emprego directo. <i>(Considérase creación de 1 UTA, a creación dun posto de traballo para unha persoa durante un ano laboral completo e a xornada completa, segundo a normativa vixente)</i>   | 3               |
| <b>Nota. A puntuación dos criterios anteriores é acumulable ata un máximo de 10 puntos.</b>   | -               |
| <b>3.3: PROXECTOS QUE INCIDAN NA MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN RURAL</b>   | (Máx 10 puntos) |
| 3.3.1. Actuacións no eido dos servizos sociais (Residencias da 3ª idade, Centros de Día, Vivendas ou Apartamentos Tutelados, Garderías, Escolas / Espazos Infantís, Centros Ocupacionais ou actuacións similares)   | 10              |
| 3.3.2: Infraestruturas de lecer, centros socioculturais, iniciativas vinculadas coa implantación e uso das novas TICs.  | 9               |
| 3.3.3. Proxectos baseados na conservación, mellora, fomento e divulgación do patrimonio arquitectónico, natural, cultural, etnográfico, etc, do territorio.   | 8               |
| 3.3.4: Servizos e Infraestruturas que favorezan: o asociacionismo, o cooperativismo, a participación social e traballo en rede entre as institucións e grupos asociativos presentes no territorio, as actividades culturais no territorio, a relación inter-xeracional, as actividades de formación, etc                          | 7               |
| <b>3.4. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL</b>   | (Máx 10 puntos) |
| 3.4.1: O proxecto ten entre os seus obxectivos valorizar o patrimonio natural e/ou realizar actuacións dirixidas a conservación e recuperación ambiental e xestión sostíbel dos ríos e as súas ribeiras.  | 5               |
| 3.4.2: Conservación do ambiente mediante o emprego de enerxías renovables, ou mediante investimentos que supoñan unha mellora da eficiencia enerxética (aforro enerxético como mínimo dun 25%).<br><b>Nota. Deberá acreditarse mediante informe emitido por técnico cualificado, certificación de instalador homologado, etc.</b> | 5               |
| 3.4.3. Contribución á biodiversidade e conservación de hábitats, utilización sustentable dos recursos endóxenos, xestión de recursos hídricos, prevención de incendios, etc.  | 5               |
| <b>Nota. A puntuación destes criterios é acumulable ata un máximo de 10 puntos.</b>   | -               |
| <b>3.5. INCIDENCIA SOBRE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS</b>  | (Máx 10 puntos) |
| As actuacións fundamentais do proxecto inciden ou están dirixidas aos seguintes colectivos: Mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade (mínimo 33%), desempregados/as de 50 ou mais anos, desempregados de longa duración.   | 10              |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>   | <b>100</b>      |

## PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS:

### PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE ALTA

(% DE AXUDA MÁXIMA DO 90%)

- Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable destas (Centros de inclusión, integración, inserción, escolas infantís, centros de maiores non dependentes, pisos tutelados, vivendas comunitarias, residencias da 3ª idade, centros de día,...).
- Actuacións relacionadas cos instrumentos contidos na Lei de recuperación da Terras agraria de Galicia ou cos investimentos ligados a aldeas intelixentes (Smart villages), mobilidade de terras ou con programas de actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais...).
- Proxectos de conciliación familiar, que permitan a compatibilidade da actividade laboral coa atención aos menores e maiores.
- Proxectos que melloren a accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (Telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral, uso da "internet das cousas", e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas).
- Proxectos de creación e/ou mellora ou equipamento de viveiros de empresas, espazos coworking, etc.
- Proxectos que incidan na promoción do enoturismo, na valorización dos produtos agroalimentarios a través da gastronomía.
- Proxectos de investimento, relacionados coa: valorización, promoción e divulgación dos recursos do territorio; turísticos, producións locais (agroalimentarias, artesanía,...), promoción de actividades agropecuarias ou vencelladas coa recuperación de antigos oficios, etc.
- Proxectos que contribúan á conservación do ambiente, adaptación e mitigación do cambio climático e á necesidade dunha transición cara unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono. Proxectos de mellora do consumo eficiente de auga.
- Actuacións que persigan a mellora da accesibilidade total, a supresión de barreiras arquitectónicas.

### REGRAS DE ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES E CUANTÍA DE AXUDA PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE ALTA:

#### Determinación da porcentaxe de axuda:

- (a) Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 35%.
- (b) Por cada punto adicional a partir dos 35 puntos mínimos, a axuda increméntase adicionalmente nun 1,23%.
- (c) Cunha puntuación igual ou superior a 80 puntos, acádase a Porcentaxe de **axuda máxima do 90%**.

#### Importe de axuda:



Os proxectos de natureza non produtiva están limitados a unha **axuda máxima** de **50.000,00 € por proxecto**.

## PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE MEDIA

(% DE AXUDA MÁXIMA DO 70%)

- Proxectos de rehabilitación e conservación do patrimonio, arquitectónico, natural, cultural, etnográfico, inmaterial (lendas, contos música, etc), zonas de alto valor natural (RN2000), etc.
- Proxectos de creación, reforma, acondicionamento de museos, centros de interpretación, aulas da natureza, intervencións arqueolóxicas, etc.
- Proxectos de creación, mellora e conservación de rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montaña.
- Proxectos de construción de miradoiros, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna dos mesmos.
- Centros multiusos, de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Rehabilitación ou acondicionamento de centro social ou cultural nunha edificación tradicional con valor patrimonial (ver EDLP)
- Infraestruturas de lecer: Ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio ou calquera outro investimento que repercuta na promoción turística da zona.

### REGRAS DE ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES E CUANTÍA DE AXUDA PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE MEDIA:

#### Determinación da porcentaxe de axuda:

- (a) Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 35%.
- (b) Por cada punto adicional a partir dos 35 puntos mínimos, a axuda increméntase adicionalmente nun 0,78%.
- (c) Cunha puntuación igual ou superior a 80 puntos, acádase a Porcentaxe de **axuda máxima do 70%**.

#### Importe de axuda:



Os proxectos de natureza non produtiva están limitados a unha **axuda máxima** de **50.000,00 €** por proxecto.

## PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE BAIXA

(% DE AXUDA MÁXIMA DO 50%)

- Ampliación, reforma, acondicionamento e equipamento dun centro social ou cultural nunha edificación que non teña valor patrimonial
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes.
- Accións supramunicipais (asesoramento empresarial; animación e fortalecemento do asociacionismo)
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos o territorio.
- Proxectos de publicacións ou audiovisuais sobre elementos que valoricen o territorio (biografías, festexos, historia, etc..)
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.

### REGRAS DE ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES E CUANTÍA DE AXUDA PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE BAIXA:

#### Determinación da porcentaxe de axuda:

- (a) Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 35%.
- (b) Por cada punto adicional a partir dos 35 puntos mínimos, a axuda increméntase adicionalmente nun 0,34%.
- (c) Cunha puntuación igual ou superior a 80 puntos, acádase a Porcentaxe de **axuda máxima do 50%**.

#### Importe de axuda:



Os proxectos de natureza non produtiva están limitados a unha **axuda máxima** de **50.000,00 €** por proxecto.

## **XII.- APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE DESEMPATE**

---

Co fin de establecer unha relación de proxectos, para os cales se propoña a concesión de axuda con cargo a anualidade, estableceranse os seguintes criterios de priorización:

### **Proxectos de natureza produtiva:**

- a) **Puntuación** definitiva acadada segundo os criterios de baremación (ICE).
- b) No caso de empate teranse en conta o **número de UTAS** totais **creadas** polo proxecto.
- c) De persistir o empate ou de non existir UTAs para o computo, priorizaranse segundo a **data de rexistro de entrada** da Solicitud en Sede Electrónica.

### **Proxectos de natureza non produtiva promovidos por entidades públicas locais:**

- a) **Puntuación** definitiva acadada segundo os criterios de baremación (ICE).
- b) No caso de empate de puntuación entre proxectos, priorizaranse segundo a **data de rexistro de entrada** da Solicitud en Sede Electrónica.

### **Proxectos de natureza non produtiva promovidos por entidades privadas:**

- a) **Puntuación** definitiva acadada segundo os criterios de baremación (ICE).
- b) No caso de empate de puntuación entre proxectos, priorizaranse segundo a **data de rexistro de entrada** da Solicitud en Sede Electrónica.

## ANEXO I: CADROS ESTATÍSTICOS DE CÁLCULO PARA BAREMO TERRITORIAL

### 1.1. RENDA DOS FOGARES MUNICIPAIS CON RESPECTO Á MEDIA GALEGA

| Concello               | Renda dos fogares municipais (€) | Respecto de Galicia | PUNTUACION |
|------------------------|----------------------------------|---------------------|------------|
| Ames                   | 17.040                           | 108                 | 3          |
| A Baña                 | 12.802                           | 81                  | 5          |
| Boqueixón              | 15.589                           | 99                  | 4          |
| Brión                  | 15.934                           | 101                 | 3          |
| Negreira               | 13.431                           | 85                  | 5          |
| Santa Comba            | 12.936                           | 82                  | 5          |
| Santiago de Compostela | 19.258                           | 123                 | 3          |
| Teo                    | 17.991                           | 114                 | 3          |
| Val do Dubra           | 14.958                           | 95                  | 4          |
| Vedra                  | 15.817                           | 101                 | 3          |
| <b>GALICIA</b>         | 15.719                           | 100                 |            |

Fonte: IGE, Renda dos fogares municipal. Ano 2020.

### 1.2. DENSIDADE DE POBOACIÓN CON RESPECTO Á MEDIA GALEGA

| Concello               | Densidade de poboación (Hab/km <sup>2</sup> ) | Respecto Galicia | PUNTUACION |
|------------------------|---|------------------|------------|
| Ames                   | 398,3   | 131,5            | 3          |
| A Baña                 | 36,4  | 40,8             | 5          |
| Boqueixón              | 59,7  | 63,9             | 4          |
| Brión                  | 109,9   | 109,3            | 3          |
| Negreira               | 62  | 65,2             | 4          |
| Santa Comba            | 46,9  | 51,2             | 5          |
| Santiago de Compostela | 73,19   | 79,2             | 4          |
| Teo                    | 239,8   | 252,6            | 3          |
| Val do Dubra           | 35,7  | 40,2             | 5          |
| Vedra                  | 98,8  | 103,7            | 3          |
| <b>GALICIA</b>         | 91  | 100              |            |

Fonte: IGE, Densidade de poboación. Ano 2022.

### 1.3. VARIACIÓN DA POBOACIÓN NO ÚLTIMO DECENIO (2012-2022)

|                        | Poboación 2012 (Hab) | Poboación 2022 (Hab) | Diferencia de poboación (Hab) | Variación decenal (%) | PUNTUACION |
|------------------------|----------------------|----------------------|-------------------------------|-----------------------|------------|
| Ames                   | 29.331               | 32.095               | 2.764                         | 9,42                  | 3          |
| A Baña                 | 3.967                | 3.333                | -634                          | -15,98                | 5          |
| Boqueixón              | 4.417                | 4.188                | -229                          | -5,18                 | 4          |
| Brión                  | 7.369                | 8.069                | 700                           | 9,50                  | 3          |
| Negreira               | 7.079                | 6.811                | -268                          | -3,79                 | 4          |
| Santa Comba            | 10.101               | 9.365                | -736                          | -7,29                 | 4          |
| Santiago de Compostela | 95.671               | 98.179               | 2.508                         | 2,62                  | 3          |
| Teo                    | 18.454               | 18.918               | 464                           | 2,51                  | 3          |
| Val do Dubra           | 4.234                | 3.783                | -451                          | -10,65                | 5          |
| Vedra                  | 5.043                | 5.005                | -38                           | -0,75                 | 4          |

Fonte: IGE, Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes anos 2012 a 2022.



GDR 10  
**terrasdecompostela**  
**Un impulso para o  
Territorio Rural**

XUNTA  
DE GALICIA

Cofinanciado por  
la Unión Europea

